



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Sección de Prensa

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PLAN DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL DO ANO 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vista a documentación que obra no expediente 2026000010787 correspondente ao Plan de Publicidade e Comunicación Institucional do ano 2026 conformada polo Informe da Sección de Prensa, a Memoria xustificativa do Plan e as Fichas Orzamentarias,

RESOLVO

1.- APROBAR o Plan de Publicidade e Comunicación Institucional do ano 2026 da Deputación Provincial da Coruña de acordo coa Lei 29/2005 de publicidade e comunicación institucional, a Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, que no seu artigo 69.1 indica que as corporacións locais facilitarán a máis ampla información sobre a actividade e a participación de toda a cidadanía na vida local.

2.- Ter en conta a planificación das campañas de difusión do Plan de Medios para o seu desenvolvemento no ano 2026.

No Plan detállase o obxectivo, custo previsible, período de execución, ferramentas e comunicación a empregar, sentido e destinatarios das mensaxes, organismos e entidades afectadas e as medidas para garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade de cada unha das campañas.

2.- Dar conta da presente resolución á Secretaría e á Intervención.

3.- Tramitar os expedientes administrativos que sexan necesarios para levalo a cabo e dar cumprimento ao mencionado Plan de Comunicación Institucional.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.



Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.